



O Teatro Universitario co Día Mundial do Teatro 2021¹

A ti, que te detés diante destas liñas, que agardabas atopar teatro universitario na facultade ao chegar ao mundo dos adultos —se cadra, un grupo dirixido por un señor bondadoso con bigote ou unha profesora amante dos clásicos— con quen sentíreste parte dunha familia, saír a escena ou viaxar a outras cidades e aldeas cunha escenografía feita de papeis e catro táboas.

Pero a realidade imponse. É moi probable que podendo existir ou podendo ter existido hoxe non haxa quen monte a barraca. Mesmo é posible que na dirección estean de acordo porque ter teatro dá prestixio, nas fotos queda bonito... mais estar conforme non cambia nada, fai falla movemento.

E a estatística é demoledora. É moi probable que este silencio forzoso, este estudar sen facer barullo, sen verse, sen ter con quen faltar ás clases ou compartir apuntamentos, fíxese que moitos dos TEUs que hai un ano producían unha ou dúas montaxes, hoxe, sen ter actividade, sen poder atopar a maneira de conseguir relevo xeracional, estean desaparecidos ou feridos de morte.

Pois ben, agora tócache a ti, —*ti, no importa quen (estranxeiro, doctoranda, profesor xubilado ou bedel)*— podes facelo, o bo do ser humano como animal social é que diante da ausencia cobre oco, pecha filas, cando algo bo se perde convértese nunha meta.

¹ Traducido por Fernando Dacosta director del Aula de Ourense, profe. asociado de *Lingua e Literatura Galega* no Campus de Ourense da UVigo.

E sexan poucos pasos ou algo que require ambición, hai -como di Sanchis Sinisterra- que facer que o posible ocorra. E sempre pode partir dunha sinxela lectura dramatizada. Agora, mañá, de aquí a cincuenta anos, cando te cheguen estas palabras; sexa cal sexa a túa idea do teatro, a túa ignorancia ou as túas limitacións e dúbidas; sexa cal sexa a túa sensibilidade ou poética, permite que a ocasión xurda aínda que sexa por azar o por un malentendido:

Mañá pode aparecer nun corredor un cartel que diga —Queres facer teatro?— Ao mellor colgáchelo ti e non o saibas. Pero fálache a ti. Pode que descubras que non estamos sós. Ás veces abonda con dar un único paso para que unha serie de persoas incríbles xurdan e dean corpo a esta idea.

Mais, que idea? As marxes do teatro son difusas pero algo está xa abrollando no teu maxín. Fálalle susurrando para que no fuxa. Se es quen de visualizalo ata nos seus máis pequenos detalles é que é factible. Permite que o sexa. Contigo pode rexurdir o teatro na túa facultade, en calquera colexio maior, en toda residencia de estudantes. Confiamos en ti.

O teatro aniña en cada un de nós. Viva o teatro universitario.

ALBERTO RIZZO
Presidente da Federación
Española de Teatro Universitario